

## ACTA Nº 50/10

### SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 13 DE DECEMBRO 2010

#### Asistentes:

#### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Victor Pastoriza Lino  
D. Valentín Piñeiro González.  
D. Daniel Rodas Chapela.

Ten escusada a súa inasistencia Dna. Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na casa do Concello de Moaña, o 13 de decembro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Non se presentan borradores de actas para aprobación.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.**

Dáse conta que na resolución nº 613/10, do 9 de decembro de 2010, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para ordenar a realización de 3 horas extraordinarias a dous policías.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

#### **3.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**3.A) EXPTE. 205/10 CARLOS ALONSO CALVAR**, presenta proxecto para a reforma interior de oficina para uso de vivenda, situada na rua Fragata Batalla e Callaon° 3-4, local nº 2, consonte a documentación presentada redactado polo arquitecto técnico Marcos Cristal Perez e visado o 29/11/10

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 19 de outubro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO:** REFORMA INTERIOR DE OFICINA PARA VIVENDA (O. MAIOR)

**PETICIONARIO:** CARLOS ALONSO CALVAR

**SITUACION:** FRAGATA BATALLA DEL CALLAO, 3-4, O REAL

Procede licencia por resultar compatible coa normativa urbanística.

No expediente non consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza por ser innecesaria; edificación alineada conforme ordenación con urbanización executada.

Non require informe sectoriais.

Queda modificado o proxecto coa aportación de memoria e plano visado polo COOAAT con data de 10/12/2010.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licencia se condiciona a ter rematada as obras de edificación en prazo; para recibir estas últimas polo concello e facultala conexións coas infraestructuras correspondentes levaranse a cabo obtendo a licencia de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licencia aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para condición de soar.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre c onstrucción.....	434 euros
Taxas licencia urbanística.....	65 euros
Cartel de obra.....	110 euros

**3.B) EXPTE. 201/10 – D<sup>a</sup> MARÍA BERMÚDEZ PÉREZ** presenta estudo técnico para a conservación e mantemento de edificación auxiliar existente, no barrio de Reibón, 134, Meira, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o 19.11.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 13 de decembro de 2010, que di:

**ASUNTO:** ESTUDO TÉCNICO PARA CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE CONSTRUCCIÓN AUXILIAR.

**INFORME:** Procede licenza

Non require informes sectoriais.

A presenta licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se concretan na memoria

descriptiva, conleva o mantemento estrutural da edificación salvo reforzos circunstanciais e puntuais, a mellora interior executando un tabique perimetral, soleira e enfoscado e pintado das tres fachadas coa preservación do uso existente.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre c onstrucción.....	159,26 euros
Taxas licenzia urbanística.....	65 euros
Cartel de obra.....	110 euros

**3.C) EXPTE. 164/10 – D<sup>a</sup> ROSA GARCÍA GARCÍA E D. MANUEL FERNÁNDEZ JUNCAL** presentan proxecto básico para a construción de vivenda unifamiliar illada, no barrio da Xalde – San Martiño- Moaña, redactado polo arquitecto D. Miguel Serrano Gómez, visado o 17.09.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 23 de novecembro de 2010, que di:

**ASUNTO:** BÁSICO DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

**INFORME:** **Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística**

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alinación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 26 de outubro de 2010 para ordenanzas 7 das NN.SS de Planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

Proxecto visado polo COAG con data 17/09/2010 modificado nos planos A-1, 2,3,4,5,6, 7 e I-I así como a memoria xustificativa do hábital visado cond ata de 14/10/2010.

Cédese 0,00 m<sup>2</sup>, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe de 300,00 euros, contía que responde aos gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico

A presenta licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.3) por ser solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da Lei 11/1985, ou clasificado como solo de núcleo rural segundo a Lei 1/1997 aplicarase o determinado na Lei 9/2002 coas maiores limitacións establecidas polos planeamento municipal.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre c onstrucción.....	3.770,00 euros
Taxas licenzia urbanística.....	471,25 euros
Cartel de obra.....	110,00 euros
Taxas saneamento.....	180,00 euros

#### 4.- PROPOSTA DE GASTO

Visto o orzamento presentado por Telga Comunicaciones, S.L. a petición do alcalde para a adquisición de equipos de transmisión da Policía local, valorado en 3.134,08 euros (ive incluído), e que consisten en 4 unidades de transeptores motorola DP-3401 sen display con GPS, con batería de litio e cargador de sobremesa,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito que para este gasto se efectuou na partida 1320-62300, RC 1607.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 3.134,08 € con cargo a partida 1320-62300 RC 1607, a favor de Telga Comunicaciones, .S.L., pola compra de equipos de transmisión para a Policía local.

#### 5.- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a seguinte relación de facturas presentadas polas entidades que nela se indican,

Factura	Provedor	Partida	Importe €
005/10	A.S.C. ENREDOS.	3340 22610	2.042,85
019/10	MARÍA HERNÁNDEZ GONZÁLEZ - FRESA AZIDA		1.227,89
034/2010	ANCORA PRODUCCIÓN S.L.		1.184,33
10	SANTIAGO CORTEGOSO CALVAR		773,78
56/2010	TEATRO DO MORCEGO, S.L.		2.707,89
68/2010	TEATRO DO MORCEGO, S.L.		1.000,00
F04246	KOPIAK MOAÑA, S.L.	2410 22000	1.679,84
			10.616,58

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro.-** Aprobar a relación de facturas indicada, presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por importe acumulado de: 10.616,58 euros,

**Segundo.-** Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 10.616,58 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

#### **6.- GASTOS DE QUILOMETRAXE DA ORIENTADORA LABORAL**

Carmen Pérez García, orientadora laboral, presenta folla que recolle os gastos por un total de 48,30 euros polo desprazamento a Santiago o día 13 de outubro de 2010 para a asistencia á xornada “Orientación Laboral” organizada pola consellería de Traballo e Benestar. Acompaña tiquets de aparcamento e de autopista e fotocopia do certificado de participación en dita xornada.

Visto o informe do interventor do 13 de decembro de 2010 desfavorable ao recoñecemento das obrigas solicitadas pola traballadora ante a falta de tramitación requirida polo convenio colectivo do persoal laboral e polas bases de execución do orzamento para o pagamento de indemnizacións polos gastos soportados no cumprimento dunha comisión de servizos, que, en todo caso, indica debían ser liquidados na cantidade de 0,15 euros/km, segundo o convenio colectivo do persoal laboral.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo emitido no informe do interventor porque: a) a traballadora acudiu á xornada en comisión de servizos, aínda que non se tramitase correctamente; e, b) para non prexudicar á traballadora e evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo:** Aceptar o importe de 48,30 euros que reflicte o documento presentado pola traballadora cos gastos desagregados polo desprazamento, a razón de 0,19 €/km, tendo en conta que as bases de execución do orzamento, no seu punto 59, remiten as axudas de custo de todo o persoal (funcionario e laboral) ao establecido no RD 462/2002.

**Terceiro:** Recoñecer a obriga polo importe de 48,30 euros en concepto de gastos polo desprazamento a Santiago da orientadora laboral Carmen Pérez García, con cargo á partida 2008-2410-23120, para o seu posterior pagamento.

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo ao Departamento de Intervención.

## **7.- GASTOS DE QUILOMETRAXE DO PERSOAL DE URBANISMO DENTRO DO TÉRMINO MUNICIPAL.**

Vistas as liquidacións das viaxes realizadas polo inspector de obras municipal, D. Carlos Loureiro Ferverza, co seu vehículo particular e dentro do termo municipal para o desempeño das funcións propias do seu posto de traballo, que corresponden aos meses de xaneiro, febreiro, abril, maio, xullo, agosto, setembro, outubro e novembro de 2010, conformadas polo concelleiro delegado de Urbanismo, por un importe total de 1.471,55 euros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro.-** Recoñecer a obriga polo importe de 1.471, 55 euros en concepto de gastos de locomoción dos meses de xaneiro, febreiro, abril, maio, xullo, agosto, setembro, outubro e novembro de 2010 de D. Carlos Loureiro Ferverza, con cargo á partida 1510-23120.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo ao Departamento de Intervención.

## **8.- GASTOS A XUSTIFICAR**

O día 15 de novembro de 2010 a Xunta de Goberno Local acordou:

“...Aprobar a proposta de gasto e o pago a xustificar a Víctor Pastoriza Lino por importe de 168,72 euros, en concepto de pagamento dos dereitos de acometida a Unión Fenosa Distribución, S.A. do Centro de Saúde de Domaio, con cargo á partida 3120 63204”.

Vista a conta xustificativa achegada polo habilitado de data 13 de decembro de 2010,.

Visto o informe do interventor do 13 de novembro de 2010 que indica que a aplicación orzamentaria á que se imputa o gasto non é ningunha das previstas nas bases de execución do orzamentos, a saber, capítulos 2 e 4 e concepto 600 e 622, polo que emite informe de reparo,

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo do interventor pola imposibilidade material de realizar o pagamento doutro xeito a Unión Fenosa.

**Segundo:** Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a D. VÍCTOR PASTORIZA LINO por importe de 168,72 euros, en concepto pagamento dos dereitos de acometida eléctrica para o Centro de Saúde de Domaio,

**Tercero:** Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

### **9.- CERTIFICACION DE OBRA “INSTALACION DE CÉSPED ARTIFICIAL E REFORMA DE INSTALACIONES EN CAMPO DE FUTBOL EN DOMAIO”**

Dáse conta da certificación nº 5 da obra “INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y REFORMA DE INSTALACIONES EN CAMPO DE FUTBOL EN DOMAIO” presentada pola Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L. asinada polo técnico director Jose Luis Dominguez Gonzalez asi como da factura número 242 de data 14/11/10, por importe de 129.179,20, IVE incluído

Informa o Interventor Municipal, en data 29 de novembro de 2010, que non consta a documentación esixida pola cláusula 30.5 do prego xustificativa da subcontratación, debendo incorporarse o expediente informe do técnico neste sentido así como problemas derivados da inclusión de partidas de obra con prezos unitarios que non figuran no proxecto ou con denominación distinta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo emitido polo Interventor Municipal logo da incorporación ao expediente do informe técnico do Director de Obras sobre a subcontratación e por entender que os desaxustes nos prezos unitarios son de carácter menor e non obstan para a aprobación pertinente da certificación

**Segundo:** Aprobar a certificación nº 5 de data 14/11/10, por importe de 129.179,20 euros da obra “Instalación de césped artificial y reforma de instalaciones en campo de futbol de Domaio”.

**Terceiro:** Aprobar a correspondente factura nº 242 a nome da empresa adxudicataria, Empresa Construcciones en Piedra SIGRAS, S.L., polo mesmo importe de 129.179,20 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3420.63201.

### **10.- PRAZA DE ABASTOS: SOLICITUDES DE BAIXA**

**10.A)** Dª MARÍA MOLDES GESTIDO, por escrito do 2 de decembro de 2010, expón que ocupa un posto de venda de peixe na praza de abastos, o nº 7 e, dado que se xubila, quere darse de baixa dende o mes de novembro. Indica que ten todos os recibos pagados.

O encargado da praza informa que a vendedora deixou de ocupar o posto o 30.11.10, e que está ao corrente no pagamento dos recibos,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a baixa de D.<sup>a</sup> María Moldes Gestido do posto que ocupa na praza de abastos municipal para a venda de peixe, con efectos dende o 30 de novembro de 2010.

**10.B)** D.<sup>a</sup> MARÍA CARMEN EIROA SOAJE, por escrito do 2 de decembro de 2010, expón que ocupa un posto de venda de peixe na praza de abastos, e dado que se xubila, quere darse de baixa dende o mes de novembro. Indica que ten todos os recibos pagados.

O encargado da praza informa que a vendedora deixou de ocupar o posto o 30.11.10, e que está ao corrente no pagamento dos recibos,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a baixa de D.<sup>a</sup> María Carmen Eiroa Soaje do posto que ocupa na praza de abastos municipal para a venda de peixe, con efectos dende o 30 de novembro de 2010.

## **11.- FURANCHOS**

**11.A)** D. JULIO GONZÁLEZ PAREDES solicita autorización para vender viño da súa colleita -800 litros de branco e 600 de tinto- mediante furancho en Vilela, 197, a partir do día 4 do presente mes de decembro. Presenta declaración de colleita e de produción da campaña 2010-2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho a partir da data solicitada e por un período de 3 meses, debendo cumprir o establecido no Decreto 116/2008 do 8 de maio da Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza.

**11.B)** DONA LUISA ENTENZA ENTENZA solicita autorización para abrir un furancho para a venda de viño de colleita propia -500 litros- en Broullon, 7, Moaña, a partir do 18 de Decembro deste ano. Presenta declaración de colleita e de produción da campaña da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado a partir desa data e por un período de tres meses, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

## **12.- REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS - SECRETARIA**

Vista a SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE LICENZA nº 01/2004 para a tenza dun can de raza considerada como perigosa chamado RABITO, por ter transcorridos xa cinco anos desde seu outorgamento inicial, presentada polo seu titular D. IVAN ROSALES DURÁN,



Visto que, segundo o informe de Secretaría, a solicitude achega toda a documentación requirida para a renovación,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda renovar a licenza nº 01/2004 para a tenza do can RABITO, cuxa raza é das consideradas como perigosa, a D. IVÁN ROSALES DURÁN.

### **13.- VADOS**

**13.A)** D. Manuel Abal Santomé, por escrito do 2 de decembro de 2010, expón que con motivo do roubo do sinal de pasaxe permanente nº 355 do que é titular, solicita outro e que se lle comunique ao ORAL o cambio de placa. Achega acordo da Xunta de Goberno Local do 06.04.09 de aprobación do vado, e recibo de ter pagados 15 € polo novo sinal (nº 393).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda entregarlle outro sinal a D. Manuel Abal Santomé, **o nº 393**, que substitúe ao robado nº **355**, e comunicarlle esta substitución ao ORAL para a actualización do padrón de vados.

**13.B)** D<sup>a</sup> Amanda Paz Costa, por escrito do 1 de decembro de 2010, expón que con motivo do roubo da placa de vado nº 383 da súa propiedade, e solicita outra. Achega o recibo de pagamento de 15 € polo novo sinal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda entregarlle outro sinal a D.<sup>a</sup> Amanda Paz Costa, **o nº 391**, que substitúe ao robado nº **383**, e comunicarlle esta substitución ao ORAL para a actualización do padrón de vados.

### **14.- TRÁFICO**

O inspector xefe da Policía local, mediante informe do 9 de decembro de 2010 conformado pola concelleira de Tráfico, indica que sería convinte a colocación dun espello cóncavo fronte á saída da Moureira cara a PO-551 na Porta do Sol, posto que debido á colocación dos novos contedores do lixo á esquerda, impide a visibilidade dos vehículos que baixan dende o Caeiro coa intención de incorporarse á PO-551.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación do espello na saída da Moureira nos termos recollidos no informe do inspector xefe.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.